



Festa familiar na parroquia de Cela

A familia Domínguez-Fernández xuntouse para celebrar as festas de Cela, en Outeiro de Rei. Nesta reunión de confraternidade, que organiza cada ano Josefa Fernández, todos gozaron dun maravilloso xantar, seguido dunha sobremesa moi animada na que tódolos membros da familia, desde os máis pequenos ata os máis veteráns, aproveitaron para pasar un agradable anaco xuntos. Contaron unha chea de vivencias e anécdotas dos moitos momentos compartidos.



Reencontro de antigos compañeiros do COE82

Unha ducia de antigos compañeiros do COE82 (Compañía de Operacións Especiais), pertencentes ao reemplazo de 1974-75,

reencontráronse case catro décadas despois na súa primeira xuntanza de confraternidade. Fixérono nun xantar na casa dun deles, José Manuel Chousa, onde aproveitaron para lembrar o tempo pasado xuntos. Agora agardan que para próximas edicións se vaian sumando máis compañeiros,



Galardóns aos entes saudables e sostibles

Un total de doce, entre institucións, empresas e científicos, foron os galardoados co medallón de prata e esmalte conmemorati-

vo do Programa Galego Municipios Saudables e Sostibles 2000-2014. Trátase dunha iniciativa itinerante pioneira en Europa, posta en marcha no ano 2000 en Galicia e na que levan participado ata o momento 5.300 expertos nos 54 cursos de saúde ambiental celebrados.



Traballadores do Ceao, de polbada

Un grupo de traballadores do polígono industrial do Ceao, na capital lucense, reuniuse por segundo ano consecutivo para gozar dunha polbada, tal e como manda a tradición neste mes de outubro, rematadas xa as festas patronais do San Froilán. O lugar elixido foi, coma sempre, o café bar Carlos onde, ademais de degustar o saboroso cefalópodo acompañado de bos viños, tivo lugar unha animada sobremesa que se alongou durante varias horas. O bo humor dos comensais estivo presente durante toda a velada, na que tampouco faltaron as anécdotas que tanto gusta recordar nestes actos de confraternidade.